



Concello de Mugardos  
(A Coruña)

## BASES XERAIS REGULADORAS TIPO DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL VINCULADAS A PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO (PROGRAMA PEL CONCELLOS 2026)

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 2026 – 0374, de data 01.04.2026, prestouse aprobación ás bases xerais reguladoras tipo de contratación laboral temporal vinculadas aos programas de activación para o emprego (Programa Pel – Concellos 2026) do Concello de Mugardos. O texto íntegro das citadas bases é o que sigue:

### **“BASES XERAIS REGULADORAS TIPO DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL VINCULADAS A PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO (PROGRAMA PEL CONCELLOS 2026)**

#### **BASE 1. OBXECTO XERAL**

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal laboral temporal vinculado a programas de activación para o emprego no marco da Disposición adicional novena do texto refundido da Lei de Emprego, aprobado po Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, introducida pola Disposición final segunda do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. Réxime actualmente contemplado na Disposición adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro de Emprego.

Para tal efecto o concello de Mugardos mediante Resolución de Alcaldía núm. 2025-1310 de 28.10.2025 prestaba aprobación á adhesión da entidade ao denominado Plan de Emprego Local ao constituír unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural (Bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña por Resolución de Presidencia, publicado no BOP núm. 197 do 15/10/2025).

Sendo o obxecto específico da presente convocatoria en desenvolvemento das liñas xerais previstas na convocatoria do indicado Programa, fomentar o emprego nos concellos e facilitar a empregabilidade, especialmente no ámbito rural, a través da contratación de persoal desempregado para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos artigos





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como son limpeza viaria, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, parques públicos e biblioteca pública.

E para elo partírase do posible perfil que presentan xa as persoas ás que vai dirixido o Programa, valorándose no proceso selectivo como mérito, ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.

A partir do marco común que establecen as presentes Bases xerais, as especificidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas Bases específicas que deberán ser acordes aos criterios xerais recollidos nas presentes Bases

## BASE 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes bases xerais rexerán os procesos selectivos do persoal laboral temporal vinculado ao Programa Pel – Concellos 2026 que comprende a seguinte relación de prazas, denominación e características:

Persoal laboral:

GRUPO CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	NÚMERO DE PRAZAS	TITULACIÓN ESIXIBLE
IV	OFICIAL 2ª ALBANEL	2	GRADUADO ESCOLAR, ESO OU EQUIVALENTE*
V	PEÓN SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA, MANTEMENTO PARQUES PÚBLICOS E MANTEMENTO DE VIAS PÚBLICAS	2	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE
IV	AUXILIAR DE BIBLIOTECA	1	GRADUADO ESCOLAR, ESO OU EQUIVALENTE*

\*Orde ECD/1417/2012, de 20 de xuño, pola que se establece a equivalencia do Certificado de Escolaridade e doutros estudos co título de Graduado Escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da reforma Educativa, a efectos laborais

## BASE 3. TIPO E DURACIÓN DO PROGRAMA

A persoa que corresponda segundo o proceso de selección desenvolvido, subscibirá un contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a tempo completo (37,5 horas semanais), cunha duración máxima de 6 meses, valorado segundo a Memoria descritiva das actividades a realizar asinada pola Concelleira de Facenda e Promoción económica de data 28.10.2025 como adecuado para acadar o obxectivo xeral e específicos a acadar.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

#### **BASE 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

Para seren admitidos no proceso selectivo, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe – sempre que non estean separados de dereito – menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas, así como os estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumprido a lo menos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír ou estar en condicións de obter, ate o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida para a praza á que aspira. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación
- d) Non padecer enfermidades nin eiva física que lle incapacite para o desenvolvemento das correspondentes funcións propias do posto de traballo (certificado médico acreditativo expedido por un facultativo competente).
- e) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións semellantes ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) As persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título acreditativo do





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente grupo/subgrupo, de conformidade coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 146 do 30 de xullo e DOG núm. 34 do 19 de febreiro, respectivamente). En caso de non acreditalo, deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto. As bases específicas de cada convocatoria indicarán o título requirido en cada caso así como as características da proba.

g) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatibles coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

h) Deberán estar en situación de desemprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e atoparse nalguna das seguintes situacións de exclusión laboral ás que se refire a base específica 3.2 das bases que regulan as subvencións para o Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL- Concellos 2026:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes
- Maiores de 45 anos.
- Menores de 30 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
- Persoas vítimas de violencia de xénero
- Persoas sen fogar





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

i) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Mugardos, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa Base 6.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo coas cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.

A falta de pago da cantidade fixada como dereito de exame non poderá ser obxecto de emenda unha vez teña rematado o prazo de presentación de solicitudes, con excepción do indicado na Base 7.

## **BASE 5. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

A instancia na que solicite tomar parte nas probas selectivas, que se axustará ao modelo oficial que se compaña como Anexo I, dirixiranse á Sr. Alcalde do Concello de Mugardos, e presentaranse de xeito preferente mediante solicitude xenérica na sede electrónica do Concello <https://mugardos.sedelectronica.gal/>, anexando o modelo oficial, así como os documentos esixidos.

O prazo de presentación de solicitudes será de **dez (10)** días hábiles contados a partir do día seguinte ao da data de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil. No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante a remisión por fax ao Concello de Mugardos (Fax: 981472017) da instancia presentada conforme ao modelo do Anexo II das presentes bases onde conste o selo coa data de presentación que deberá ser recibido antes da finalización do prazo para presentación de instancias.

A falta de presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoas aspirante.

Coa solicitude de participación no proceso selectivo presentarase a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI ou NIE
- b) Copia da titulación esixida para cada praza convocada
- c) Copia do certificado de Lingua Galega ou título equivalente debidamente homologado requirido para cada praza. En caso de non acreditalo, deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto. As bases específicas de cada convocatoria indicarán o título requirido en cada caso así como as características da proba.
- d) Xustificante bancario do abono de taxas de dereito ao exame ou documentación que





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

acredite estar exento do pago.

- e) Certificado do Servizo Público de Emprego acreditando a situación de desemprego e que recolla os períodos de inscrición como demandante.
- f) Informe de vida laboral actualizado á data de presentación de solicitudes.
- g) Certificado médico actualizado á data de presentación de solicitudes, acreditando que non padece enfermidades nin eiva física ou psíquica que lle incapacite para o desenvolvemento das correspondentes funcións propias do posto de traballo.
- h) Documentación acreditativa da fase de concurso, se é o caso.
- i) Documentación acreditativa da situación ou situacións de exclusión laboral:

Situación de exclusión laboral	Documentos a achegar
Mulleres	Fotocopia do DNI
Persoas maiores de 45 anos	
Persoas menores de 30 anos	
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33% expedido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria
Persoas desempregadas de longa duración ( que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado e certificado do Servizo Público de Emprego no que se recollan os períodos de inscrición como demandantes de emprego.
Persoas en situación de drogodependencia	Informe dos servizos sociais municipais
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas con fogar no que ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas sen fogar	
Persoas vítimas de violencia de xénero	

As persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% deberán facelo constar na solicitude a fin de ter en conta a previsión para as adaptacións de tempo e medios procedentes, para garantir a igualdade de oportunidades coas restantes persoas participantes. Para isto achegarán xunto coa solicitude a certificación da consellería competente en materia de política social ou órganos competentes doutras administracións públicas que acredite discapacidade igual ou superior ao 33% e se procede por adaptación de tempos ditame técnico facultativo.

No caso de non poder presentar as solicitudes por medios telemáticos, o documento Nacional de Identidade ou documento equivalente, así como o título académico,





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

deberán ser presentados como fotocopia compulsada.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

## **BASE 6. DEREITOS DE EXAME**

Será requisito necesario para participar neste proceso selectivo, aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, as Taxas de dereitos de exame, segundo o establecido na Orde Fiscal nº 9 reguladora da taxa, en función do grupo de clasificación da praza convocada:

Epígrafe 5.- Dereitos de exame

5.1.- Exame para prazas encadradas no grupo A1 ou asimilados (grupo I), 25

euros 5.2.- Prazas do grupo A2 ou asimilados (grupo II), 20 euros

5.3.- Prazas do grupo C1 ou asimilados (grupo III), 15 euros

5.4.- Prazas do grupo C2 ou asimilados (grupo IV), 10 euros

5.5.- Prazas do “ outras agrupacións profesionais ou asimilado” (grupo V), 5 euros

A ausencia de pago no prazo conferido para a presentación de solicitudes considérase para todos os efectos, requisito non emendable, sen prexuízo do indicado na Base 7.

Estarán exentos do pago dos dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación, para o que deberá presentar como único medio admisible acreditativo a certificación xustificativa expedida polo Servizo Público de Emprego correspondente para tal efecto.

A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, copia do documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se deberá realizar o ingreso é a seguinte: **ES98 –2080 -0205 -7331 - 1000 - 0032 ABANCA**

As bases específicas da convocatoria indicarán o importe que corresponda en cada caso,





Concello de Mugaros  
(A Coruña)

en función da clasificación das prazas obxecto da convocatoria.

## **BASE 7. ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ou titular da concellería delegada a que corresponda segundo os casos, ditará resolución declarando aprobadas as listaxes provisorias de persoas admitidas e excluídas indicando, neste segundo caso, as causas da exclusión. A resolución será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mugaros (<https://mugaros.sedelectronica.gal/info.8>) e no Portal de Transparencia, sección emprego

As persoas aspirantes excluídas e omitidas terán un prazo de **3 días hábiles** contados desde o día seguinte ao de publicación da resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, para formular reclamacións ou subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión.

As emendas referiranse exclusivamente a documentación existente e con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

No caso concreto das taxas so caberá a subsanación de ter realizado o ingreso durante o citado prazo de presentación de instancias e non se aportase o xustificante de telo realizado.

O transcurso dese prazo sen subsanación dos defectos correspondentes supón a exclusión definitiva da convocatoria.

A listaxe provisorio converterase automaticamente en definitiva se, transcorrido o prazo, non se presentasen reclamacións. De as haber, as reclamacións presentadas serán estimadas ou desestimadas a través dunha nova resolución de aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia do concello de Mugaros.

A indicada resolución contemplará igualmente:

- A designación do tribunal cualificador

En todo caso deberá mediar como mínimo un prazo de 48 horas entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización da primeira proba e a realización da mesma.

## **BASE 8.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

Consonte cos artigos 55 e 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro,





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), co Real Decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local de aplicación supletoria segundo o disposto na súa disposición adicional segunda e co artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros:

- Presidente/a: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quen legalmente a substitúa.
- Secretario/a: a persoa empregada pública titular do posto ou quen legalmente a substitúa.
- Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ou esixido para o acceso á praza convocada ou quen legalmente os substitúa.

As persoas integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

As persoas aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente e secretario ou persoas que legalmente as substitúan e dous dos vogais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

vinculante.

Sempre que así o acorde o Tribunal de Selección no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes ou para a pública apertura dos sobres cos códigos identificativos dos aspirantes, esta se poderá realizar coa soa presenza de a lo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o Secretario/a.

Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo

## **BASE 9. SISTEMA SELECTIVO**

A selección das persoas candidatas será polo sistema de concurso - oposición.

### **9.1. Fase de concurso**

Valoraranse os méritos de formación, ate un máximo de 2,00 puntos.

Os méritos valoraranse con referencia á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso.

A) Atenderase ao disposto na base 3.3 das Bases específicas reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia Pel – Concellos 2026 da Deputación da Coruña:

a) Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (no diploma ou certificado da acción debe indicarse de forma expresa tal circunstancia ou por figurar os logos indicativos oficiais), ata un máximo de 2,00 puntos de acordo coa seguinte valoración en proporción do número de horas acreditadas:

- Duración de 20 a 50 horas, a razón de 0,10 puntos por curso
- Duración de 51 a 150 horas, a razón de 0,25 puntos por curso
- Duración de máis de 150 horas, a razón de 0,50 puntos por curso

O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificados de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Debe constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Ademais da formación específica relacionada co posto valorarase a formacións transversal en materias de: Prevención de riscos laborais xenérico ou directamente relacionado co posto; formación para a igualdade; inserción laboral: técnicas de busca de emprego.

No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

No caso de presentar certificados de participación en programas mixtos de formación e emprego (obradoiros duais de emprego, obradoiros de emprego para persoas mozas) valoraranse como formación aqueles cuxa especialidade estea relacionada co posto

Os requisitos, méritos e calquera outros datos alegados polos/as solicitantes deberán estar referidos á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes

## 9.2. Fase de oposición.

A oposición constará de dous exercicios:

- a. Exercicio eliminatorio de carácter práctico tipo test ou un suposto práctico, determinado libremente polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización, relacionado coas funcións e o temario que figurará nas bases específicas de cada actuación subvencionada.

No caso de realizarse un suposto práctico poderá ser obxecto de gravación.

O exercicio valorarase de 0 a 6 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 3,00 puntos para considerar superado o exercicio. O seu contido e tempo máximo de duración serán os que para o efecto estableza o Tribunal cualificador con antelación ao comezo de cada exercicio

- b. Proba de coñecemento da lingua galega: as persoas aspirantes que non acreditasen estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega deberán facer unha proba eliminatoria que se valorará co resultado de APTO/A ou NON APTO/a. A proba se efectuará despois de iniciarse a fase de oposición. A relación de persoas aspirantes que deberían realizar esta proba publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e de xeito complementario no portal de transparencia.

O tempo máximo para a realización da proba e características do exercicio serán determinadas polo tribunal con ocasión da indicada publicación.

Os aspirantes que non superen esta proba quedarán excluídos do proceso.

Para tal efecto o Tribunal poderá propoñer o nomeamento de persoal especialista asesor que lle auxilie na preparación e desenvolvemento da indicada proba.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

O temario que rexerán as probas selectivas detallaranse no anexo das bases específicas de cada convocatoria

### 9.3. Criterios de desempate.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase seguindo os seguintes criterios de desempate:

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación obtida na fase de concurso.
- c) Maior número de situacións ás que se refire a base específica 3.2 das bases que regulan as subvencións para o Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL- Concellos 2026.

De persistir o empate tras a aplicación dos criterios descritos, resolverase mediante sorteo.

## BASE 10. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

1. Con carácter xeral, os aspirantes serán convocados para cada exercicio da fase de oposición en chamamento único, sendo excluído quen non compareza, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas, que serán apreciados e ponderados polo Tribunal de Selección.
2. En calquera momento do desenvolvemento dos exercicios, o Tribunal de Selección poderá requirir os aspirantes para que acrediten a súa personalidade.
3. Se durante o transcurso do procedemento selectivo chegase a coñecemento do Tribunal de Selección ou do órgano convocante que algún dos aspirantes carece dos requisitos necesarios para participar na convocatoria, ou ben, que se produciron variacións das circunstancias alegadas na solicitude, iniciárase un expediente de comprobación acerca do cumprimento dos requisitos, con trámite de audiencia ao interesado. O órgano convocante, de forma motivada, poderá, de ser o caso, declarar decaído no seu dereito ao interesado.
4. A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “M”, de conformidade co establecido na RESOLUCIÓN de 22 de xaneiro de 2026 pola que faise público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG nº 16 de 26.01.2026). De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

## BASE 11. LISTAXE DE PERSOAS APROBADAS

Finalizado o proceso selectivo o Tribunal fará públicas no taboleiro electrónico de edictos do concello, a relación definitiva das persoas aspirantes aprobadas pola orde da puntuación obtida, abríndose un prazo para a presentación de alegacións de **dous días hábiles**.

Transcorrido o devandito prazo sen que se presentasen alegacións, ou unha vez resoltas, o Tribunal elevará relación definitiva ao Alcalde ou concelleiro/a delegado en cada momento, a fin de que este proceda á formalización do contrato a favor da persoa aspirante que obtivese a puntuación máis alta.

Calquera proposta de contratación que inclúa máis nomes que prazas convocadas au contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito. Elo sen prexuízo da proposta de formación de listaxe de agarda coas persoas que teñan superado o procedemento de selección segundo puntuación acadada por orde decrecente.

## BASE 12. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

1. A persoa aspirante proposta para a contratación laboral temporal presentará ante o Concello de Mugardos dentro do prazo de **cinco (5) días naturais**, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- a. Documento nacional de identidade ou documento equivalente.
- b. Declaración de non se achar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade, e de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública.
- c. Orixinal ou ben copia que teña carácter de auténtica ou compulsada conforme a lexislación vixente, do título académico esixido para tomar parte na convocatoria.
- d. Documentación acreditativa das diferentes circunstancias que teña alegado para os efectos da súa baremación na fase de concurso segundo a Base 9.1 e dos posibles criterios de desempate (Base 9.3).

No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, a persoa aspirante seleccionada someterase a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

2. Se dentro do prazo expresado, e salvo causa de forza maior, a persoa aspirante non reunise os requisitos esixidos, quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na instancia. En tal suposto, o Alcalde ou concelleiro/a delegado en cada momento, formulará unha proposta de contratación laboral temporal a favor do seguinte aspirante, segundo a orde de puntuación.

### **BASE 13. LISTA DE AGARDA**

Concluído o proceso selectivo, a Alcaldía ou, se é o caso, o órgano delegado procederá de forma simultánea coa aprobación da contratación, a prestar aprobación á bolsa de emprego coas persoas que superen o proceso selectivo para o caso de que durante a execución do correspondente programa fose necesario proceder á substitución da persoa contratada, ben por renuncia ou por calquera outra circunstancia sobrevida impeditiva.

Nese caso, a contratación laboral temporal das persoas aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas na mesma mañá, sen prexuízo da publicación da oferta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, as persoas interesados son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.

A persoa empregada pública que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición da persoa interesada a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que a persoa aspirante desiste de cubrir a praza.

As persoas aspirantes que sendo requiridas para a súa contratación laboral temporal renuncien a ela dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novas contratacións. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

### **BASE 14. INCIDENCIAS E NORMATIVA APLICABLE**

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo.

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de





Concello de Mugaros  
(A Coruña)

abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada e normativa laboral específica de aplicación.

## **BASE 15. VINCULACIÓN DAS BASES E RÉXIME DE RECURSOS**

As presentes bases vinculan a Administración, o Tribunal e a quen participe no proceso selectivo.

Cando os actos do Tribunal non teñan carácter definitivo (resultados parciais, exclusións provisionais), poderase interpoñer no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso de alzada ante o Alcalde no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, segundo establecen os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Transcorridos tres meses dende a interposición do recurso de alzada sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo.

Contra os actos e acordos definitivos do Tribunal, de acordo co disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, poderase interpoñer correspondente demanda ante a Sala do Social do Tribunal de Instancia de Ferrol ou, á súa elección, a que corresponda ao seu domicilio, no prazo de vinte días, a partir da notificación ou publicación segundo proceda, do acto ou acordo de que se trate.

Así mesmo, poderase interpoñer e sen que iso supoña a suspensión de prazos para a interposición da correspondente demanda ante a Sala do Social do Tribunal de Instancia de Ferrol, o recurso de alzada ante o Alcalde no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, segundo establecen os artigos 121 e 122 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Transcorridos tres meses dende a interposición do recurso de alzada sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo.

## **BASE 16. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos,





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

informámoslle as persoas aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.

Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

### ANEXO I. SOLICITUDE

PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL VINCULADO A PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO	
Praza:	
DATOS DA PERSOA ASPIRANTE	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	
<input type="checkbox"/> AUTORIZO o concello a realizar notificacións á miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015.	
EXPOÑO	
— Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Mugardos para a selección da/s praza/s de referencia.	
— Que coñezo e acepto as bases que rexen este proceso selectivo e que reúno os requisitos esixidos nas bases xerais reguladoras do proceso selectivo de persoal laboral temporal de programas vinculados a programas de activación para o emprego e nas correspondentes bases específicas da convocatoria.	
— Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados nas bases xerais reguladoras do proceso selectivo de persoal laboral temporal de programas vinculados a programas de activación para o emprego e nas bases específicas da convocatoria	
— Que autorizo a utilización dos meus datos persoais, incluído o teléfono e o correo electrónico indicados na presente solicitude para a recepción de información e solicitudes relacionadas co proceso selectivo de que se trata.	
DECLARACIÓN RESPONSABLES	
Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:	
- Que posúo a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas da/s prazas obxecto da convocatoria.	
— Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónoma nin me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.	
— Que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúno todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), e acato integramente o contido das Bases que rexen este proceso selectivo.	
- Que os modelos de solicitude de participación no proceso selectivo e de relación de méritos presentados para participar na presente convocatoria son os facilitados pola entidade convocante.	
Por todo iso, <b>SOLICITO</b>	
<input type="checkbox"/>	A miña admisión no correspondente proceso selectivo.
<input type="checkbox"/>	A adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade
	Indique as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios para a realización das probas:
Mugardos, _____ de _____ de 202	





Concello de Mugar dos

Sinatura:
Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Mugar dos

PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL VINCULADO A PROGRAMAS DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO	
Praza:	
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA</b>	
<input type="checkbox"/>	Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade.
<input type="checkbox"/>	Copia da titulación esixida para a praza á que aspira.
<input type="checkbox"/>	Copia do permiso de condución esixido na convocatoria
<input type="checkbox"/>	Xustificante acreditativo de ter ingresado a cantidade fixada como dereitos de exame.
<input type="checkbox"/>	Xustificación do dereito á exención do pago de dereitos de exame, de conformidade coas bases da convocatoria.
<input type="checkbox"/>	Copia do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente grupo/subgrupo
<input type="checkbox"/>	Certificado médico acreditando que non padece enfermidades nin eiva física que lle incapacite para o desenvolvemento das correspondentes funcións propias do posto de traballo
<input type="checkbox"/>	Certificado do Servizo Público de Emprego acreditando a situación de desemprego e o tempo que leva en desemprego, actualizado á data de presentación da solicitude
<input type="checkbox"/>	Informe de vida laboral actualizado á data da presentación da solicitude
<input type="checkbox"/>	Informe do Departamento de Benestar Social acreditando a pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social
<input type="checkbox"/>	Acreditación de atoparse en situación de incapacidade recoñecida polo INSS que non sexa invalidante en grao absoluto que teña reserva de posto e a incapacidade sexa revisable
<input type="checkbox"/>	Certificado do grao de discapacidade e o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade (persoas que teñan solicitado a adaptación de tempo e/ou medios nos procesos selectivos).
<input type="checkbox"/>	Relación dos méritos alegados para a súa valoración no concurso
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa/xustificativa dos méritos.

### SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugar dos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugar dos; CORREO@MUGARDOS.GAL.

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Mugar dos non cederá os seus datos de carácter persoal.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Mugar dos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade"

